

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 2

SESION EXTRAORDINARIA DO 27 DE FEBREIRO DE 2019

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Alonso Suárez, Olga
Aneiros Pereira, Jaime
Blanco Iglesias, Eugenia Dolores
Caride Estévez, María José
Fernández Pérez, José Manuel
Iglesias González, Ana Laura
López Font, Carlos
Marra Domínguez, M^a Angeles
Pardo Espiñeira, Francisco Javier
Rivas González, Ángel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor
Rodríguez Escudero, Cayetano
Rodríguez Rodríguez, Nuria

POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Gago Bugarín, Diego José
González Sánchez, Elena
Muñoz Fonteriz, Elena
Piñeiro López, Ángel

POLO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO

López Barreiro, Margarida
Pérez Correa, Rubén

NON ASISTEN:

Lago Rey, M^a Jesús (concelleira do grupo municipal Socialista)
Silva Rego, M^a Carmen (concelleira do grupo municipal Socialista)
Figueroa Vila, José M. (concelleiro do grupo municipal do Partido Popular)
Jácome Enríquez, Xosé Lois (concelleiro do grupo municipal de Marea de Vigo).

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás doce horas e vinte e dous minutos do día vinte e sete de febreiro do ano dous mil dezanove, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride

Estévez, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, González Sánchez, Iglesias González, López Barreiro, López Font, Marra Domínguez, Muñoz Fonteriz, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Piñeiro López, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e Rodríguez Rodríguez, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: Iniciamos o Pleno do Concello número 2, constátase quórum, estase en sesión pública e en consecuencia se inicia de acordo coa convocatoria.

Os plenos extraordinarios destas características son tratados como mocións e en consecuencia sendo unha petición do grupo Popular, ten a palabra.

UNICO (31).- REPROBACIÓN DA PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE DO CONCELLO DE VIGO E PRESIDENTA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, DONA CARMEN SILVA REGO, E TAMÉN DO CONCELEIRO D. SANTOS HÉCTOR RODRÍGUEZ DÍAZ. REXISTRO PLENO 1969/1101.

ANTECEDENTES: En data 14.02.2019, o grupo municipal do Partido Popular presenta solicitude de pleno extraordinario asinada por tódolos seus membros, co seguinte texto:

“Motivación

A sección 5ª da Audiencia Provincial de Pontevedra ven de ditar sentenza nº 47/2019 na que se condena ao funcionario municipal Sr. Gutiérrez Orúe por delitos de prevaricación, malversación de caudales públicos e falsedade en documento

mercantil; e ao responsable da contrata municipal IMESAPI, Sr. Comesaña Alonso, por delitos de malversación de caudales públicos e falsedade en documento mercantil pola contratación fraudulenta de Dna. Vanesa Falque Barral, cuñada da primeira tenente de alcalde do Concello de Vigo e presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, Camen Silva Rego. Impón dita sentenza penas de prisión para os condenados, inhabilitación absoluta e ademais a obriga de indemnizar solidariamente ao Concello polo importe de 108.147,22€.

Entre os feitos que declara probados a dita sentenza cabe destacar que os acusados *“Con el objeto de beneficiar económicamente a Vanesa Falque Barral, persona vinculada familiarmente a un miembro de la corporación municipal”* en clara referencia a Dna. Carmen Silva Rego, participaron *“en un plan que tenían para su contratación, de una forma oculta y al margen de los sistemas legales de oferta pública de empleo”* o que supón un claro exemplo de nepotismo, sendo este, en termos políticos, un dos máximos expoñentes da corrupción.

A este respecto, hai que lembrar tamén que no auto de 2 de xuño de 2016 ditado neste caso pola xuíz do xulgado de instrución nº 7 de Vigo se recoñecía que *“no se sostiene pretender que no existían sobre la referida investigada indicios de ilícito penal que justificasen la incoación de la causa respecto de la misma, pues sí concurrían del delito mencionado de tráfico de influencias del artículo 429 del Código Penal”* declarado o citado delito de tráfico de influencias como prescrito polo paso do tempo, aínda que claramente cometido.

Entendemos dende o Partido Popular de Vigo que estes feitos son gravísimos, porque estamos a falar da contratación, sen motivo nin xustificación, dunha familiar directa da primeira tenente de alcalde do Concello de Vigo e presidenta da Deputación de Pontevedra, e ademais da utilización de diñeiro público de todos os vigueses para contratar a unha persoa cuxo traballo non era necesario, e que ademais non realizou nunca, co único obxectivo de beneficiala económicamente.

A maiores, tras 4 anos de instrución e de xuízo, non se produciu ningún tipo de explicación por parte nin do alcalde de Vigo, Abel Caballero, nin da primeira tenente de alcalde, Carmela Silva, nin do concelleiro directamente responsable do xefe de servizo agora condenado, Santos Héctor.

Ao marxe das responsabilidades penais xa dilucidadas na sentenza, entendemos que neste caso existen responsabilidades políticas que deben ser asumidas polo alcance dos feitos probados, facendo insostible a situación da primeira tenente de alcalde e presidenta da deputación de Pontevedra, Carmen Silva Rego e tamén do Concelleiro Delegado, Sr. Santos Héctor Rodríguez pola súa participación nos feitos tal e como se desprende dos feitos probados da sentenza.

Polo anteriormente exposto, ao amparo do disposto artigo 46 2.a da Lei 7/85 Reguladora de Bases de Réxime Local e no artigo 44 do Regulamento Orgánico do

Pleno do Concello de Vigo os sete concelleiros integrantes do Grupo Municipal do Partido Popular, abaixo asinantes, solicitan ao Alcalde-Presidente do Concello de Vigo a convocatoria dun Pleno Extraordinario da Corporación Municipal de Vigo coa seguinte proposta de orde do día:

UNICO.- Reprobación da primeira tenente de alcalde do Concello de Vigo e presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, Carmen Silva Rego, e tamén do concelleiro Santos Héctor Rodríguez Díaz.

E coa seguinte proposta de acordo:

1. Instar ao Pleno da Corporación municipal de Vigo a solicitar da primeira tenente de alcalde do Concello de Vigo e presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, Carmen Silva Rego, e tamén do concelleiro Santos Héctor Rodríguez Díaz que asuman responsabilidades políticas pola súa implicación política na contratación irregular entre xuño de 2008 e xullo de 2013 de Vanesa Falque Barral, cuñada da Sra. Silva, e dimitan inmediatamente dos seus cargos.”

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Neste caso doulle os bos días aos presentes e tamén aos ausentes e tamén aos que supostamente van a ler a acta deste Pleno con moito detalle para ver se hai algo susceptible de denuncia, porque hai que dicir aquí que acudimos a este Pleno extraordinario que pedimos no exercicio lexítimo dos nosos dereitos como grupo municipal para esixir responsabilidades políticas por unha sentenza demoledora que coñecemos hai uns días, e vimos aquí baixo ameaza porque a señora Tenente Alcalde de Vigo onte saíu a unha comparecencia de prensa para ameazar ao grupo municipal do Partido Popular e á voceira e a min en particular. E a verdade é que sorprende nunha persoa que é supostamente demócrata que lle sente tan mal o funcionamento das institucións democráticas porque o que estamos a falar aquí é do funcionamento das institucións democráticas e teño que recoñecer que polo menos o Sr. Rodríguez Díaz está sentado aí dando a cara no Pleno, xa me gustaría a min que a Tenente de Alcalde de Vigo tamén dera a cara no Pleno, non ante o Partido Popular, ante tódolos vigueses polo que pasou e por esa sentenza. Polo tanto, eu creo que hai que non entende e lle senta mal a aplicación da democracia, a quen non lle gusta a quen eu creo que debe de volver a primeiro de democracia e fuxiu do Pleno, porque a Sra. Silva neste momento está fuxida do Pleno de Vigo, está

escapada, foise nada máis e nada menos que a 600 quilómetros, fixo exactamente o mesmo que intentou facer a súa cuñada para non comparecer no xuízo e que tivo que mandar o xuíz á Policía a buscala a casa porque non quería nin comparecer no xuízo, apareceu forzada, aquí non mandamos á Policía ao Pleno e por iso fuxiu a 600 quilómetro e está en Madrid facendo gala dunha covardía política extraordinaria e como digo con ameazas. Pero dende logo coas ameazas neste grupo municipal e esta voceira pincha no óso porque imos ir ata o final porque estamos escandalizados co que se di nesa sentenza porque estamos escandalizados co que se intúe e se di expresamente na sentenza e porque levamos 1.500 días dende que Xuntos presentara esta denuncia sen que se dera nin unha soa explicación por parte do goberno local e ninguén está por enriba da súa responsabilidades políticas nin da súa obriga de dar conta aos cidadáns da súa actuación política porque o comportamento político que tivo este goberno e en particular a Sra. Silva é impresentable, imperdoable, inadmisible e intolerable para calquera demócrata porque despois desta sentenza demoledora, que insisto, ten a súa orixe nunha denuncia que non puxo o Partido Popular, unha denuncia que puxo Xuntos e que foi impulsada polo Partido Socialista e polo Sr. Príncipe, exalcalde de Vigo, que di textualmente nunha entrevista hai uns días nun medio de comunicación que “o Concello de Vigo cheira a podre e o caso cuñada é unha flor nun xardín” e “que hai documentados máis de cento e pico casos similares” e que el se decatou disto porque a Sra. Vanesa Falque, a cuñada da Sra. Silva, coa irmá da Sra. Silva que estaba contratada en FCC estaba na sede do Partido e a xente dicíao o que pasa é que no caso da Sra. Vanesa Falque as traballadoras da contrata falaron e testificaron e no caso da irmán da Sra. Silva non, isto dio textualmente un socialista que foi Alcalde desta cidade, polo tanto, non foi unha denuncia do Partido Popular pero é que ademais tampouco a constatación da relación entre a Sra. Silva e a cuñada da Sra. Silva e a contratación irregular que determina a sentenza xudicial de forma como digo demoledora, dio o Partido Popular, dino os xuíces, primeiro díxoo o auto da xuíza cando sobresaíu o caso contra a Sra. Falque por prescripción, non porque non houbera cometido o delito e despois díxose de forma taxativa na sentencia, vinculando claramente esa contratación dicindo que non

era froito da casualidade esa relación de parentesco cun membro do goberno, e polo tanto, cando hai unha sentenza demoledora que condena a un funcionario público municipal a 5 anos de cárcere pola contratación, non de calquera vigués, non, pola contratación da cuñada dun membro destacado do goberno de Vigo, da Sra. Silva, o que hai que esixir despois desta sentenza demoledora Sra. Alcalde, son responsabilidades políticas porque estamos nun estado de dereito e as responsabilidades políticas existen, e existen para vostedes cando lles afectan a outros e tamén teñen que existir cando lles afectan a vostedes.

SR. PÉREZ CORREA: Imos tentar que sirva para algo estes 5 minutos, imos tentar que sirva cando menos para tentar poñerlle o foco sobre as cuestións que son importantes, transcendentales e que ademais forman parte dun perigo democrático neste Concello, e as cuestións que son puramente oportunistas e electorais como o que creo que con substancia non en si da celebración disto, nós queríamos que se celebrara isto a ser posible non con 5 minutos senón que ao final de todo o que ten pasado con dúas sentencias xudiciais bastante importantes, ao Partido Popular con reprobar a dous concelleiros pois que lle sirva.

En primeiro lugar, hai uns feitos probados nunha sentenza xudicial, eu sei que está moi ben o que de cando hai unha cuestión deste tipo poñer por exemplo, as “performance” que se fan deste tipo para intentar desviar a atención sobre unha cuestións.

O Alcalde fai un inciso para pedir a retirada ao público dunha fotografía.

SR. PÉREZ CORREA: Hai uns feitos probados que figuran na sentenza xudicial que di “con obxecto de beneficiar economicamente a Vanesa Falque Barral, persoa vinculada a un membro da Corporación municipal de Vigo” por non citar, non citemos e fagamos a estratexia da avestruz, pero isto é unha sentenza probada nun concello, polo tanto as responsabilidades políticas existen e non pasa absolutamente nada, nós non imos incidir nos vínculos familiares da cuestión entre outras cousas porque hai varias sentencias, que o que poñen enriba da mesa é que cando menos durante 30 anos

polo tanto, que ninguén queira saír deste xogo durante 30 anos, as xefaturas, as persoas que teñen capacidade de contratar a familiares saltándose un concurso-oposición, saltándose un mecanismo minimamente democrático, lévanse cronificando 30 anos neste Concello e así figura no informe do secretario, solicitado polo Partido Popular hai tempo e que por certo non devengou en nada máis, tivemos que ser a Marea de Vigo a que denunciáramos que este sistema de provisión na que hai unha especie de elite de superfuncionarios, na que os Partido Políticos podemos poñelos ao fronte da contratación pública e ademais no caso do funcionario que espero que vostedes cesen cando sexa irrevogable a sentenza, cando sexa firma, pois ademais compartiu dúas xefaturas que non eran singulares, a xefatura de Participación Cidadá que logo arbitraba a que asociación se lle daba un convenio e a cal non, que arbitrou a asfixia económica da FAVEC ou incluso que tamén compatibilizara a de Emprego que polo que vemos e pola asistencia a proba é un coladeiro de determinadas prácticas, dio unha sentenza non o dicimos nós. E imos incidir nesta cuestión, se vostedes queren sacar carteis, disfrazarse de lagarterana, facer o que lles dea a gaña, a min dáme exactamente igual, a min o que me preocupa é o mecanismo absolutamente perverso que se ten consagrado e que afortunadamente este grupo municipal tivo que ir a un xulgado para que vostedes comece a entender que a provisión de postos de xefaturas importantes a través deste mecanismo, pois non é unha cousa que beneficie agora ao PSOE que no seu día beneficiou ao PP, ao Bloque Nacionalista Galego e que xerou unha práctica, cando menos para nós, bastante perigosa porque permite esas aperturas, permite esas aperturas, eu teño unha capacidade de poñer as normas, de decidir na cuestión dos convenios en aras de non facelo a través dun concurso aberto público, teño a potestades como superfuncionario ademais de establecer que nos plans de emprego a entrevista persoal e moito máis importante que os méritos ou unha proba técnica, eses sistemas de baremación que ademais vostedes coñecen porque acaban de facelo para o Marco onde practicamente os criterios subxectivos pintan máis que os obxectivos e a min ese mecanismo é o que quero que desterren vostedes porque lle toca a vostedes, no seu día se estivera o Partido Popular llo pediría, se estivera o Bloque Nacionalista Galego

llo pediría exactamente igual porque é un feito probado tamén que vai contra de Lei de función pública de Galicia que xera ademais e vostedes saben coma min que as veces vostedes tamén xeran monstros e funcionarios que logo están por enriba do poder político e que son incluso capaces de que un programa político dun partido non se poida aplicar polo bloqueo sistemático dese superfuncionario engordado con hormonas, polo tanto, nós aí temos claro cal ten que ser este debate, se vostedes queren levalo a personalización da Sra. Silva e queren levalo a personalización dun procedemento, digo, é un caso dos miles que poidan existir, das pasarelas que existen a través das concesionarias municipais, das pasarelas que existen a través do Plan de Emprego, das pasarelas ademais que logo condicionan que home, os xuíces as veces tamén son listos e saben que determinados funcionarios se autoinmolan na pira para salvagardar responsabilidades políticas, que é o que ten pasado esta vez.

SR. LÓPEZ FONT: En política non todo vale e vostedes son a expresión xustamente do contrario, polo que acaban de demostrar e polo que veñen demostrando, a vostede lles vale calquera cousa, vostedes mete medo pensar de que serían capaces porque todo ten os seus límites, acaban de demostrar que este Pleno extraordinario é o Pleno da ira, o Pleno da inxuria, o Pleno da calumnia, os plenos extraordinarios non son para isto pero está claro que o que acaban de facer forma parte dunha estratexia, da estratexia da crispación permanente, pasa en Vigo e pasa noutros sitios, en Lugo, e Silleda e moito sitios, é unha estratexia deseñada e xa sabemos por quen porque son os de sempre, este Pleno señores/as do Partido Popular é un Pleno que vai contra os dereitos fundamentais e a protección do honor, fálase moitos dos dereitos pero o primeiro que hai que facer para falar deles é respectar os dereitos dos demais, están a falar vostedes de dúas persoas absolutamente intachables e cando digo intachables refírome aos feitos, e son intachables porque o Sr. Rodríguez Díaz, no relativo a este tema está totalmente arquivado en sentenza e en recurso, e nesta actuación en concreto que direi que este goberno municipal non ten coñecemento da sentenza e parece que vostedes si, o Sr. Rodríguez Díaz absolutamente nada e foi unha testemuña máis como outros que tiveron que comparecer, pero dado que se refire tamén a Sra. Silva, nin foi testemuña neste procedemento e entendo que cando un

xuíz/a non chama a ninguén a testemuña é porque considera que non ten nada que ver, sen ningunha vinculación con este tema, ademais sen responsabilidades de goberno aquí nas datas nas que se produxo determinada situación e de acordo co informe do secretario nin se infire participación nin se menciona participación da Sra. Silva, polo tanto, non están vostedes respectando a sentenza, non están vostedes respectando a concelleiros deste Pleno, nós si respectamos a sentenza.

Mire, esta é unha política de vertedoiro, a que levan facendo vostedes, é unha política de auténticos voitres nos que non coñecen os límites e a política é o contrario, vostedes se amparan no exercicio e no dereito que teñen á participación política para converter isto nun ataque persoal indigno, nunha cacería política na que por estar acostumados durante os catro anos, cada día nos sorprende máis porque vostedes non teñen límite, vostedes perverten a política, son o peor exemplo da política e o acaban de demostrar, levan 4 anos así, na difamación permanente, buscando algo que erosione a este goberno e non o atoparon, falaban do meu dicionario, do respecto, o dicionario téñeno que aplicar vostedes, vostedes si que aínda non entraron na primeira clase da democracia, se foran demócratas non houberan pedido este Pleno, e se tendo pedindo este Pleno fixeran caso ao informe do secretario deste Pleno, houberan retirado a solicitude de Pleno e onde nos atopamos hoxe porque si que é demoledor o informe do secretario do Pleno, recoñecendo o dereito á participación política é demoledor nas xustificacións xurídicas e na xurisprudencia á que refire e di claramente ese informe xurídico que o que vostedes están a facer pode claramente conculcar dereitos fundamentais e dereito ao honor.

Polo tanto, a democracia ten as súas imperfeccións e a peor das imperfeccións é ter que aguantar e ter que respectar aos calumniadores e antidemócratas como vostedes. Polo tanto, nesta cidade os vigueses/as se avergonzarían de ver o espectáculo que están dando vostedes, da falla de respecto que teñen a cidadáns de Vigo na que falan moito da Constitución pero a Constitución tamén fala do respecto e da presunción de inocencia. Miren, non van a poder con nós, levan intentándoo 4 anos e lles direi que me producen unha enorme repulsión política, todo volverá ao seu sitio, en maio lles sacarán os vigueses a vostedes tarxeta vermella e aqueles que se

sentan ofendidos e calumniados por vostedes irán aos tribunais, gañarán e serán vostedes a vergoña desta Corporación.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Mire Sr. Font, por moito que vostede teña anotado aí tódalas calumnias que dirixiu a este grupo e tódalas ameazas que poida facer a Sra. Silva cos tribunais non vai conseguir calar a este grupo municipal que é perfectamente o que vostedes queren facer porque hai algo que contra esa estratexia de porqueira na que vostedes están envoltos día si e día tamén, de macarras de bares, non van conseguir tapar algo que é demoledor e é unha sentenza que di que un funcionario público pode ir 5 anos e medio á cárcere por contratar irregularmente non a calquera vigués, á cuñada da Sra. Silva e di tamén que a relación de parentesco era determinante para esa contratación. Polo tanto, por moito que queiran vostedes facer agora aquí un número é algo que non poden evitar e non poden tampouco querer confundir responsabilidades xudiciais con políticas, e aquí vemos a esixir responsabilidades políticas como a que ten a Sra. Silva en primeira persoa porque contratouse irregularmente á Sra. Falque que é cuñada da Sra. Silva, por certo, dúas irmáns da Sra. Falque tamén as contrataron vostedes hai uns anos no Plan de Emprego Municipal, debe ser outra casualidade, como casualidades hai das múltiples irregularidades na contratación de persoal que fan dende o Concello de Vigo e como manexan o persoal no Concello de Vigo e tampouco dío o Partido Popular si é que non fai máis que ver as sentencias xudiciais que unha tras outra que están vostedes recibindo, pero non son capaces de actuar con humildade nin en ese caso, fíxese, encima actúan e responden con sobervía, teñen máis que dicir e acusan á oposición dos erros que están vostedes a cometer e das sentencias xudiciais en contra que están vostedes recibindo.

Mire, ao Partido Popular non lle van vostedes a calar nin dar leccións de nada porque aquí se condenou a un funcionario público que insisto mentres vostedes seguen aí sentados vai ir á cárcere por contratar irregularmente á cuñada da Sra. Silva e xa se pode ir a 3.000 quilómetros a Sra. Silva que a responsabilidade política a leva ela detrás, e por iso, pedimos este Pleno Extraordinario queríamos e esperábamos algunha actuación digna pola súa parte, Sr. Alcalde, desgraciadamente non a tivemos,

hai que ter dignidade para estar ao carón dos cargos públicos, hai que ter dignidade e hai que saber marcharse cando a sombra da sospeita e a responsabilidade política pesa tanto, a sentencia política da Sra. Silva ditouna o xulgado, non a dita o Partido Popular e o que vimos aquí a pedir e a volver esixir é que por dignidade política, por limpeza democrática e por respecto aos vigueses que vostedes lles deben porque aquí tamén se malversaron fondos públicos, a Sra. Silva tense que marchar.

SR. PÉREZ CORREA: Non queremos votar.

VOTACIÓN DA PROPOSTA: Con seis votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, e quince votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, non exercendo o seu dereito de voto os membros presentes do grupo municipal de Marea de Vigo, señora e señor López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a proposta de acordo presentada polo grupo municipal do Partido Popular que figura na parte expositiva deste acordo.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás doce horas e corenta e un minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

Abel Caballero Alvarez

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

José Riesgo Boluda.